

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I163	CON/30/2018	29-06-18 13:06

Número 11 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente de "Definición, deseño, subministración e instalación de sinalización informativa vertical tipo AIMPE nos viais municipais do ámbito rural do término municipal de Santiago de Compostela (2017)"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

Destinatario

15078DCMG12I163}



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 29 de xuño de 2018 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 11 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE "DEFINICIÓN, DESEÑO, SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE SINALIZACIÓN INFORMATIVA VERTICAL TIPO AIMPE NOS VIAIS MUNICIPAIS DO ÁMBITO RURAL DO TÉRMINO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (2017)"; APROBACIÓN DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 11 de xuño de 2018, do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial. Así mesmo, con observacións de Intervención, número 2018/344 de data 19.6.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

1. Con data 31 de maio de 2018, o xefe de servizo de obras e proxectos emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I163	CON/30/2018	29-06-18 13:06

da necesidade e idoneidade da contratación da definición, deseño, subministración e instalación de sinalización informativa vertical tipo AIMPE nos viais municipais do ámbito rural do término municipal de Santiago de Compostela. Orzamentos participativos COMPOSTELA DECIDE 2017.

2. Con data 11 de xuño seguinte, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

3. Coa mesma data, a concelleira delegada de economía, facenda e administración resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente, e tamén este día 11 de xullo, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da Lei 9/2017 polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Ley 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Definición, deseño, subministración e instalación de sinalización informativa vertical**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I163	CON/30/2018	29-06-18 13:06

tipo AIMPE nos viais municipais do ámbito rural do término municipal de Santiago de Compostela. Orzamentos participativos COMPOSTELA DECIDE 2017, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado,** establecéndose un tipo de licitación de **49.675'21 euros** IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 10.431'79 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **100 45400 62300 2016 2 SINAL 60 1."**

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado **Definición, deseño, subministración e instalación de sinalización informativa vertical tipo AIMPE nos viais municipais do ámbito rural do término municipal de Santiago de Compostela. Orzamentos participativos COMPOSTELA DECIDE 2017,** así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado,** establecéndose un tipo de licitación de **49.675'21 euros,** IVE aparte.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 10.431,79 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **100 45400 62300 2016 2 SINAL 60 1.**

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo:Xan Xesús Duro Fernández